

Resolución do ____ de ____ de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca procedemento selectivo para cubrir con carácter provisional postos de traballo de inspección educativa da Comunidade Autónoma de Galicia

O Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia regula na disposición adicional segunda que excepcionalmente, con ocasión de vacante, poderán ser designadas/os inspectoras/es de educación con carácter temporal, funcionarios pertencentes aos corpos docentes que reúnan os requisitos establecidos para o acceso ao corpo de inspección educativa.

Polo tanto, para garantir o cumprimento das funcións de inspección educativa do sistema educativo galego, reguladas no Decreto 99/2004, do 21 de maio, faise necesario cubrir temporalmente os postos vacantes no corpo de inspección educativa por mor de xubilacións, provisión noutros postos de traballo en comisións de servizos para a administración, licenzas ou outras circunstancias extraordinarias, por parte de persoas que conforman o corpo de inspectores de educación na Comunidade Autónoma de Galicia.

O procedemento selectivo para cubrir con carácter provisional postos de traballo de inspección educativa permitirá a incorporación de inspectoras e inspectores accidentais ao sistema educativo galego.

O artigo 18 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, regula que lle corresponde á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, entres outras, a xestión da cobertura temporal dos postos docentes non universitarios, que inclúe a elaboración e actualización das listas de persoal interino, os chamamentos, penalizacións e exclusións das listas, e a convocatoria e resolución de procedementos extraordinarios para a cobertura das listas.

En consecuencia, como director xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVO:

Artigo 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto regular o procedemento para cubrir con carácter provisional, en réxime de comisión de servizos, postos de traballo de inspección educativa vacantes no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Postos de traballo vacantes

Os postos que se ofertan neste procedemento de cobertura relaciónanse no anexo I (Postos de traballo vacantes) que recolle o número de postos vacantes por provincia e, de ser o caso, sede de destino.

Artigo 3. Persoal participante e requisitos

1. Para ser admitida/o no procedemento selectivo, o persoal aspirante deberá cumprir os requisitos seguintes:

a) Ser persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Ter destino definitivo nun centro dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

c) Posuír o título de doutoramento, máster universitario, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou título equivalente.

d) Acreditar unha antigüidade mínima de oito anos como funcionaria ou funcionario nalgún dos corpos que integran a función pública docente e unha experiencia docente de igual duración.

e) Non ter sido condenada/o por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual.

f) Non ter sido separada/o, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

g) No caso de ter desempeñado servizos previamente como inspector ou inspectora accidental, non ter sido obxecto de informe desfavorable.

2. Todas as condicións e requisitos relacionados neste artigo deberán posuírse no día en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da toma de posesión como inspector/a accidental.

Artigo 4. Solicitudes e prazo de presentación de solicitudes

1. A solicitude presentárase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado PR004A, dirixido á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional – Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

O formulario estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada>.

Na solicitude no apartado "Asunto relacionado" indicárase a seguinte información: *Inspectores accidentais*.

Para a presentación da solicitude poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

No caso de presentar máis dunha solicitude do mesmo tipo, soamente se admitirá a última presentada na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. Coa solicitude deberá achegarse:

- A documentación acreditativa de que se posúen os requisitos das letras c) e d) do artigo 3.1 esixidos para participar soamente no caso de que non consten no expediente electrónico da persoa solicitante.

- Unha declaración responsable de que non foi separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública e de non estar inhabilitada/o para o exercicio de funcións públicas.
- Certificado de non ter antecedentes por delitos contra a liberdade e identidade sexual, só no caso de opoñerse expresamente á consulta de datos do Rexistro Central de Delincentes Sexuais na solicitude de participación.

3. O prazo para a presentación da solicitude será de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5. Listas provisionais e definitivas de admisión no procedemento

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional - <http://www.edu.xunta.gal/> (en adiante portal educativo) a lista provisional de persoas admitidas e excluídas cos motivos da exclusión.

2. As persoas solicitantes poderán presentar as alegacións que estimen oportunas contra a listaxe provisional no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

As alegacións deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado PR004A, dirixido á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional – Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Na alegación indicarse no apartado "Asunto relacionado" a seguinte información: "*Alegación inspectores accidentais*."

3. Logo de estudadas e resoltas as alegacións presentadas, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas no portal educativo.

Artigo 6. Sistema de selección

1. O sistema de selección constará de dúas fases:

Fase A: dúas probas de carácter eliminatorio cada unha.

- **Primeira proba.** A proba constará dun total de 60 preguntas—20 de opción múltiple tipo test e 40 cuestións de resposta curta— que versarán sobre as funcións e as técnicas específicas da Inspección Educativa de acordo coa normativa que regula a función inspectora en Galicia e sobre o funcionamento e organización dos diferentes tipos de ensinanzas. Para esta proba o aspirante disporá dun máximo de 150 minutos.

Cada pregunta correcta valorarase con 1 punto.

Cada erro nas preguntas de opción múltiple restará 0,50 puntos

As preguntas non respondidas ou nulas non computarán.

A puntuación mínima para considerarse superada esta proba e poder acceder á seguinte será de 30 puntos.

-Segunda proba (presentación e defensa dun proxecto). O persoal aspirante que supere a primeira proba deberá presentar perante a comisión de selección, no prazo que esta estableza ao publicar a relación de persoal aspirante que superou a primeira proba, un proxecto de traballo no que desenvolverá os seguintes aspectos, tendo en conta as funcións e atribucións da inspección educativa:

- I. Estratexias de supervisión e acompañamento na atención á diversidade nos centros educativos.
- II. Estratexias de mediación en conflitos nos centros docentes.
- III. Estratexias de liderado pedagóxico.

O proxecto terá unha extensión máxima de 15 páxinas, formato DIN-A4, escritos a unha soa cara e dobre espazo interlineal, con letra tipo Arial, sen comprimir, tamaño de 12 puntos. A portada e a contraportada non computarán na extensión máxima pero si computará o índice. Resultará excluído do procedemento o persoal aspirante cuxo proxecto non se axuste ao establecido.

O persoal aspirante que fixese a entrega deste proxecto será convocado para a defensa do mesmo ante a comisión. A persoa aspirante disporá dun máximo de vinte minutos para a exposición oral e, unha vez terminada, a comisión de selección poderá formular as preguntas ou aclaracións que considere pertinentes durante un período máximo de 10 minutos.

A cualificación correspondente ao proxecto e á defensa será de 0 a 10 puntos. A puntuación mínima para poder considerarse superada esta proba e poder acceder á fase de méritos será de 5 puntos.

No caso de que a persoa aspirante non presente o proxecto e/ou non realice a defensa do mesmo cualificarase con 0 puntos esta proba.

A puntuación final desta fase A calcularase atendendo ás seguintes ponderacións: 50% puntuación obtida na primeira proba e 50% puntuación obtida na segunda proba.

Fase B: Méritos.

Nesta fase valoraranse os méritos alegados polo persoal aspirante ata finalizar o prazo de presentación de solicitudes, conforme o baremo que se inclúe como anexo II desta convocatoria.

A comisión de selección convocará ás persoas que superaran a fase A para a entrega da folla de autobaremación, segundo o modelo do anexo III. Para estes efectos terase en conta que:

- Os méritos que consten no expediente electrónico do persoal solicitante (<https://www.edu.xunta.es/datospersoais>) non terán que acreditarse. Só deberá xuntarse a documentación acreditativa dos novos méritos que alegue.
- Non se terán en conta nin se valorarán os méritos nin os servizos alegados non xustificadas debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo de presentación de solicitudes.
- Todos os méritos alegados deben posuírse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- No caso de que non se presente a folla de autobaremación, considerarase que a persoa aspirante renuncia á puntuación do baremo, e continuará participando no proceso só coa puntuación da fase A.

A documentación acreditativa dos méritos de cada persoa aspirante quedará baixo a custodia da presidencia da comisión e será entregada á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos unha vez finalizado o procedemento.

A comisión de selección publicará as puntuacións provisionais asignadas a cada aspirante no portal educativo. O persoal aspirante poderá presentar as alegacións que estime oportunas contra as puntuacións provisionais, dirixidas á presidencia da comisión de selección, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte da súa publicación.

A estimación ou desestimación das alegacións formuladas entenderase realizada a través da resolución do procedemento coa publicación da lista de persoas seleccionadas.

2. A puntuación final obtida no procedemento, tras as dúas fases, calcularase atendendo ás seguintes ponderacións: 60% a puntuación obtida na fase A e 40% a puntuación obtida na fase B.

3. Será seleccionado o persoal aspirante por orde decrecente da puntuación final obtida no procedemento.

Os posibles empates resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación da primeira proba da fase A.
- b) Maior puntuación da segunda proba da fase A.
- c) Maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo de méritos, pola orde en que aparecen nesta convocatoria.
- d) En caso de persistir o empate, este dirimirase por sorteo ante a comisión. As persoas aspirantes serán convocadas para este acto polo propio tribunal cunha antelación mínima de 48 horas.

Artigo 7. Comisión de selección

1. A selección das persoas aspirantes será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

- Presidencia: designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, entre o persoal funcionario de carreira do corpo de inspección educativa.
- Catro vogalías: designadas directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos entre o persoal funcionario de carreira do corpo de inspección educativa.

No seu nomeamento procurarase a paridade entre inspectoras e inspectores educativos.

2. A comisión actuará con autonomía funcional e obxectividade respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o procedemento desta convocatoria.

3. Correspóndelle á comisión de selección o deseño e a elaboración da primeira proba da fase A.

3. Os membros da comisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme ó Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño

(DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño).

Artigo 8. Comezo e desenvolvemento do procedemento

1. O persoal admitido será convocado, a través da portal educativo para a realización da primeira proba, como mínimo con cinco días hábiles de antelación, e indicarse a data, a hora e o lugar en que se realizará a dita proba.
2. Comezado o procedemento, a comisión deberá facer públicos os sucesivos chamamentos aos persoal aspirante a través da portal educativo cunha antelación de 24 horas como mínimo.

Artigo 9. Nomeamentos e incorporación

1. A comisión de selección remitiralle á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a proposta da resolución desta convocatoria, xunto coa acta definitiva con expresión das valoracións outorgadas a cada unha das persoas candidatas, así como a relación final das persoas seleccionadas.
2. A resolución definitiva publicarase no portal educativo e con ela entenderanse notificadas, para todos os efectos, ás persoas concursantes afectadas.
3. Contra a resolución da convocatoria, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
4. As persoas que resulten seleccionadas por esta convocatoria serán nomeadas en réxime de comisión de servizos, con reserva do posto de traballo de orixe, por unha duración dun curso académico, renovable cada curso.

Artigo 10. Renovación da comisión de servizo

1. Ao final de cada período anual establecerase un proceso de avaliación sobre o exercicio das funcións realizadas pola inspectora/inspector accidental que determinará a súa continuidade ou non.
2. Para renovar a comisión de servizo, de ser o caso, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos requirirá un informe de avaliación do desempeño da función inspectora, realizado polo inspector xefe correspondente, debidamente motivado no que se indique como apto ou non apto o desempeño da función inspectora. Un informe negativo, debidamente motivado, da función inspectora, conlevará a non renovación da comisión de servizo.

Santiago de Compostela, ----- de ----- de 2024

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Confederación Intersindical Galega

ENSINO



ANEXO I

Postos de traballo vacantes

Nº de vacantes	Provincia	Sede

Confederación Intersindical Galega

ENSINO

ANEXO II

Baremo para a valoración de méritos

MÉRITOS	PUNTUACIÓNS	DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS
1. Traxectoria profesional	Ata 3,000 puntos	
1.1. Por cada ano de experiencia docente, que supere os oito esixidos como requisito, como persoal funcionario de carreira dos corpos que integran a función pública docente.	0,500 puntos	Folla de servizos certificada pola xefatura territorial correspondente.
1.2. Por cada ano de servizos en postos da Administración educativa de nivel 26 ou superior.	0,500 puntos	Copia do nomeamento e, se é o caso, do cesamento.
1.3. Por pertencer aos corpos de catedráticos.	2,000 puntos	Copia do título administrativo ou credencial, ou, se é o caso, copia simple do boletín oficial en que apareza o nomeamento.
2. Probas superadas na última convocatoria de acceso ao corpo de inspección educativa en Galicia	Ata 3,000 puntos	
2.1. Por superar a primeira proba	1,000 puntos	
2.2. Por superar a primeira e a segunda probas	2,000 puntos	
2.3. Por superar a primeira, a segunda e a terceira proba.	3,000 puntos	
3. Exercicio de cargos directivos e coordinación didáctica	Ata 3,000 puntos	
3.1. Por cada ano como directora ou director dun centro público, con avaliación positiva, cando se realizase, ou como directora ou director dun centro de formación e recursos.	0,750 puntos	Copia do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso, do cesamento.
3.2. Por cada ano de exercicio da vicedirección, xefatura de estudos, secretaría, ou outros cargos directivos análogos.	0,500 puntos	Copia do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso, do cesamento.
3.3. Por cada ano como xefa/e de departamento, coordinador/a de ciclo na educación infantil ou primaria, ou cargos análogos.	0,100 puntos	Copia do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso, do cesamento.
4. Preparación científica e didáctica e outros méritos.	Ata 2,000 puntos	
4.1. Preparación científica e didáctica.	Ata 0,700 puntos	
4.1.1. Por cada titulación superior distinta á esixida para acceder ao corpo.	0,150 puntos	Copia do título.
4.1.2. Por publicacións de carácter científico ou didáctico.	Ata 0,500 puntos	Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN, en virtude do disposto polo Decreto 2984/72, do 2 de novembro, ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan del non serán valoradas, así como aquelas en que o/a editor/a sexa o/a autor/a delas. No caso de libros, os exemplares correspondentes, así como certificado da editorial onde conste o número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais.



		Para a valoración de libros editados polas universidades, organismos ou entidades públicas, será necesario achegar certificación en que conste a distribución destes. No caso de revistas, certificación en que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista. Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, este aspecto terá que xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito. No caso de publicación que só se dea en formato electrónico, presentárase un informe oficial en que o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indicárase a base de datos o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.
4.2. Preparación específica para o exercicio da función inspectora. 0,01 punto por cada 10 horas de formación.	Ata 0,500 puntos	Copia das actividades de formación convocadas por administracións educativas ou homologadas especificamente relacionadas coa función inspectora.
4.3. Coñecementos de idiomas.	Ata 0,300 puntos	
4.3.1. Por cada titulación universitaria superior de idiomas.	0,200 puntos	Copias dos títulos que se posúen ou, se é o caso, os certificados de estudos e de ter pagados os dereitos de expedición dos títulos.
4.3.2. Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de escolas oficiais de Idiomas ou polo curso de especialización de galego.	0,100 puntos	Copias dos títulos que se posúen ou, se é o caso, os certificados de estudos e de ter aboados os dereitos de expedición dos títulos.

Confederación Intersindical Galega

ENSINO

ANEXO III

Folla de autobaremación

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
MÉRITOS		PUNTUACIÓNS BAREMO	TOTAIS
1.- ANTIGÜIDADE (Máximo 3 puntos)			
1.1. Por cada ano de experiencia docente, que supere os oito esixidos como requisito, como persoal funcionario de carreira dos corpos que integran a función pública docente.		0,500 puntos	
1.2. Por cada ano de servizos en postos da Administración educativa de nivel 26 ou superior.		0,500 puntos	
1.3. Por pertencer aos corpos de catedráticos.		2,000 puntos	
		TOTAL 1 (Máximo 3 puntos)	
2.- PROBAS SUPERADAS NA ÚLTIMA CONVOCATORIA DE ACCESO AO CORPO DE INSPECCIÓN EDUCATIVA EN GALICIA (Máximo 3 puntos)			
2.1. Por superar a primeira proba		1,000 puntos	
2.2. Por superar a primeira e a segunda probas		2,000 puntos	
2.3. Por superar a primeira, a segunda e a terceira proba.		3,000 puntos	
		TOTAL 2 (Máximo 3 puntos)	
3.-EXERCICIO DE CARGOS DIRECTIVOS E COORDINACIÓN DIDÁCTICA (Máximo 3 puntos)			
3.1. Por cada ano como directora ou director dun centro público, con avaliación positiva, cando se realizase, ou como directora ou director dun centro de formación e recursos.		0,750 puntos	
3.2. Por cada ano de exercicio da vicedirección, xefatura de estudos, secretaría, ou outros cargos directivos análogos.		0,500 puntos	
3.3. Por cada ano como xefa/e de departamento, coordinador/a de ciclo na educación infantil ou primaria, ou cargos análogos.		0,100 puntos	
		TOTAL 3 (Máximo 3 puntos)	
4.-PREPARACIÓN CIENTÍFICA E DIDÁCTICA E OUTROS MÉRITOS (Máximo 2 puntos)			
4.1 Preparación científica e didáctica: (Máximo 0,700 puntos)			
4.1.1. Por cada titulación superior distinta á esixida para acceder ao corpo.		0,150 puntos	
4.1.2. Por publicacións de carácter científico ou didáctico.		Ata 0,500 puntos	
		Total 4.1 (Máximo 0,700 puntos)	
4.2. Preparación específica para o exercicio da función inspectora. (0,01 punto por cada 10 horas de formación)		Ata 0,500 puntos	
4.3. Coñecementos de idiomas: (Máximo 0,300 puntos)			
4.3.1. Por cada titulación universitaria superior de idiomas.		0,200 puntos	
4.3.2. Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de escolas oficiais de idiomas ou polo curso de especialización de galego.		0,100 puntos	
		Total 4.3 (Máximo 0,300 puntos)	
		TOTAL 4 (Máximo 2 puntos)	
		TOTAL	